

COMPOSICIÓN DE TEXTO HISTÓRICO

Con estes tres textos, debes poder facer unha redacción sobre as orixes e o camiño cara á II Guerra Mundial, facendo fincapé na iniciativa do nazismo e o expansionismo alemán. Recorda facer unha introdución onde establezas o tema da composición e o tema de cada texto, o desenvolvemento incluíndo referencias literais aos textos a modo de exemplo, e unha conclusión onde fagas unha pequena síntese e expliques as consecuencias do que vemos nos textos.

Documento 1. O espazo vital de Hitler. A xustificación da expansión territorial.

"A posición económica de Alemaña esbozada moi brevemente a grandes rasgos é como segue:

1. Estamos superpoboados e non podemos alimentarnos polos nosos propios medios...
2. No que respecta ao suministro de alimentos, este non pode ser satisfeito desde o interior da economía alemá. Mentres existen moitos artigos cuxa produción pode facilmente ser incrementada, o produto da nosa agricultura non pode ser elevado de forma substancial. Da mesma forma, somos incapaces na actualidade de producir sistematicamente ou reemprazar con outros medios, certas materias primas das que carecemos en Alemaña...
3. A solución final reside nunha extensión do "espazo vital" (Lebensraum), ou sexa, das materias primas e bases alimenticias respectivamente do noso pobo. Esta é a tarefa do mando político para resolver, a longo prazo, este problema..."

Documento 2. En Munich, 28 de setembro de 1938.

As catro potencias, Alemaña, o Reino Unido, Francia e Italia, considerando o acordo que xa se obtivo en principio para a cesión a Alemaña dos territorios alemáns dos Sudetes (...) Acordan:

Art 1. A evacuación comezará o 1 de outubro.

Art. 2. O Reino Unido, Francia e Italia acordan que a evacuación do territorio termine o 10 de outubro, sen que ningunha das instalacións existentes sexa destruída, e que o Goberno checoslovaco sexa responsable de levar a término a evacuación sen dano ás instalacións."